

Apertura da Convocatoria para a presentación de solicitudes de axuda ao abeiro da Medida Leader Galicia 2014-2020, GDR-19 Asociación Terras de Compostela

Ámbito de actuación:

O ámbito de actuación abrangue os concellos de Ames, A Baña, Boqueixón, Brión, Negreira, Santa Comba, Santiago, Teo, Val do Dubra e Vedra.



Proxectos subvencionables

Serán subvencionables os proxectos que teñan encadramento na Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR 19 Asociación Terras de Compostela, sempre e cando cumpran as condicións de subvencionabilidade que se especifiquen nas fichas de elixibilidade recollidas no capítulo VII das bases reguladoras.

Proxectos produtivos os que supoñan a realización dunha actividade económica con fin lucrativo tendentes á produción de bens e/ou servizos e que supoñan unha creación e/ou mantemento do nivel de emprego.

Proxectos non produtivos os que teñan un interese público ou colectivo e non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica con finalidade lucrativa

Bases Reguladoras:

RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR). (DOG nº 12, Mércores, 18 de xaneiro de 2017).

Beneficiarios Con carácter xeral

- a) As persoas físicas ou xurídicas de carácter privado.
- b) As entidades públicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores.
- c) As comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

Requisitos xerais dos proxectos

- Estar localizados no ámbito **territorial elixible do GDR19** (Están excluídos: **entidade singular** de Santiago de Compostela e Polígonos industriais de Santiago, **entidade singular** de O Milladoiro e Bertamiráns (Concello de Ames).
- Adecuación do proxecto á Estratexia de Desenvolvemento "Local definida polo GDR19.
- Ser viabes técnica, económica e financeiramente (proxectos produtivos) e **técnica e financeiramente** (non produtivos).
- Axustarse á normativa sectorial de aplicación.
- **Non** estar **iniciados** na data de presentación da solicitude de axuda.
- Ser **finalista** (non poderán subvencionarse fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista).

Dotación orzamentaria:

Anualidade 2017: 563.337,58 €

Anualidade 2018: 278.567,66 €

Prazo de solicitude

O prazo de presentación das solicitudes de axuda está aberto dende dende o día 31 de xaneiro pero, ao ser convocatoria de axudas por **concorrenza competitiva**, priorizarase e asinaráselle axuda, a aqueles expedientes que mais puntuación acaden segundo os criterios de baremación, nas seguintes datas:

- Data final de admisión de solicitudes para a primeira proposta anual de selección de proxectos: **31 de marzo** de cada ano.
- Data final de admisión de solicitudes para a segunda proposta anual de selección de proxectos: **31 de maio** de cada ano. (Sempre que exista crédito dispoñible).

Lugar e forma de presentación:

PRESENTACIÓN POR SEDE ELECTRÓNICA	PRESENTACIÓN POR REXISTRO
<p><u>Persoas obrigadas:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Persoas xurídicas de carácter privado • Entidade públicas de carácter local ou comarcal • Comunidades MVMC 	<p>As <u>persoas non obrigadas</u> á presentación electrónica, poderán presentar as solicitudes no registro do GDR ou dirixilas a Agader a través dos rexistros establecidos no Procedemento Administrativo Común.</p>
<p>Os formularios normalizados están dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia: https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codCons=MR&codProc=701D&procedemento=MR701D&lang=gl</p>	

Máis información

GDR 19 Asociación Terras de Compostela

Lg Cibrán, 4 – San Xián de Sales

15885 Vedra (A Coruña)

Tfno: 981 818 357

Email: info@terrasdecompostela.org

Web: www.terrasdecompostela.com